


**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 19.10.2018      Hora: 10:30




A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de outubro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Elección da Presidencia da Comisión** (art. 41, 37 e 36 do Regulamento da Cámara)

**Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 30946 (10/PNC-002489)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución dos traballos subvencionados a través da liña de axudas inserida nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais para a formación de equipos para as comunidades de montes, así como mediante todas as liñas de axuda destinadas a esas comunidades  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018*
- 2.2 31081 (10/PNC-002504)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre a adopción pola Consellería do Medio Rural das medidas oportunas para impedir a eliminación, na modificación do PXOM do Concello de Curtis, da figura de solo rústico de especial protección agropecuaria en detrimento da superficie agraria  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018*
- 2.3 33175 (10/PNC-002714)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Rodríguez Estévez, David e 2 máis  
Sobre o sometemento polo Goberno galego á consideración e aprobación polo Parlamento de Galicia do novo Plan forestal galego  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018*
- 2.4 36137 (10/PNC-002898)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
González Vázquez, José e 6 máis  
Sobre a apertura por parte da Xunta de Galicia de novas zonas de concentración parcelaria de interese agrogandeiro e forestal para rendibilizar as actuais explotacións  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018*



- 2.5 36324 (10/PNC-002912)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos continuos danos económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria que está a causar o xabaril, en especial nas explotacións e cultivos do medio rural  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018*
- 2.6 36370 (10/PNC-002919)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas destinadas á implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo e do xabaril, así como a adaptación do actual marco lexislativo en materia de convivencia coa fauna salvaxe á situación real do territorio, en especial no referido á problemática do lobo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Daniel Vega Pérez  
Presidente en funcións da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 16/10/2018 14:17:09**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Vicepresidente

Daniel Vega Pérez

P

Secretario

José Manuel Pérez Seco

S

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez

P

Moisés Blanco Paradelo

P

Raúl Fernández Fernández

S

Carlos Gómez Salgado

P

Jacobo Moreira Ferro

P

Rosa Oubiña Solla

P

Jesús Miguel Prado Patiño

P

José Luis Rivas Cruz

BNG

David Rodríguez Estévez

EM

Antón Sánchez García

EM

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.10.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Elección da Presidencia da Comisión (art. 41, 37 e 36 do Regulamento da Cámara)

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.10.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 30946(10/PNC-002489)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución dos traballos subvencionados a través da liña de axudas inserida nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais para a formación de equipos para as comunidades de montes, así como mediante todas as liñas de axuda destinadas a esas comunidades

*Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018*



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2018 17:36  
Nº Rexistro: 30946  
Data envío: 14/05/2018 17:36:28.186

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión**.

Os Pladigas contemplan ano tras ano unha liña de axudas para prevención e defensa contra os lumes forestais, no que unha delas é formación de equipos para as comunidades de montes.

Pero nestas liñas de axudas, as comunidades e as mancomunidades de montes, non poden facer por si os traballos subvencionados, cando hai comunidades e mancomunidades de montes con persoal cualificado e con maquinaria. Estes condicionantes van en contra de toda lóxica, sendo ademais que moitos anos a resolución destas axudas chega en pleno período de alto risco e con pouco tempo para súa execución o que leva a unha excesiva acumulación de traballo e a imposibilidade de parte das empresas privadas que poden facelo.

Mais o incomprendible é a imposibilidade a que as comunidades e mancomunidades de montes que contan con persoal cualificado e con maquinaria para a realización destes traballos o poidan facer. Polo contrario permitíndose estaríase favorecendo a xeración de emprego local e de emprego social.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2018 17:36  
Nº Rexistro: 30946  
Data envío: 14/05/2018 17:36:28.186

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

*O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta para que nesta liña de axudas para prevención e defensa contra os lumes forestais, e en todas as que sexan beneficiarias as comunidades de montes, os traballos obxecto das axudas poidan ser realizados non só polas empresas forestais, senón tamén polas propias comunidades de montes ou as súas mancomunidades.*

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/05/2018 17:36:06**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/05/2018 17:36**  
**Nº Rexistro: 30946**

Data envío: 14/05/2018 17:36:28.186

**María Montserrat Prado Cores na data 14/05/2018 17:36:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/05/2018 17:36:11**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/05/2018 17:36:12**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/05/2018 17:36:13**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/05/2018 17:36:15**

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 31081(10/PNC-002504)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a adopción pola Consellería do Medio Rural das medidas oportunas para impedir a eliminación, na modificación do PXOM do Concello de Curtis, da figura de solo rústico de especial protección agropecuaria en detrimento da superficie agraria

*Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018*



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/05/2018 17:05  
Nº Rexistro: 31081  
Data envío: 16/05/2018 17:05:51.475

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Curtis, de 116 km<sup>2</sup> e cunha poboación de 4.000 habitantes está sendo noticia nestes últimos tempos, desta vez pola modificación do PXOM e pola controversia espertada dentro e fóra do concello.

As modificacións dos PXOM sempre suscitan debate, por veces acalorados, entre os veciños, mais neste caso o debate traspasa as fronteiras municipais.

Nesta, en concreto suprime a totalidade do Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria e grande parte do Solo Rústico de Protección Forestal pasando todo el a Solo Rústico de Protección Ordinaria.

Velaí o incremento e a legalización do caos existente. Vexamos:

--As plantacións forestais, ata o de agora ilegais, en superficies agrarias deixarían de seren ilegais.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/05/2018 17:05  
Nº Rexistro: 31081  
Data envío: 16/05/2018 17:05:51.475

--O concello fai deixación da facultade de ordenar as diferentes categorías de solo para que non haxa interferencias entre o forestal e o agrogandeiro permitindo así que aparezan no futuro conflitos.

-- Sen a protección necesaria parte da superficie agraria vai deixar de ser tal e pasará a ser ocupada polo forestal en detrimento do sector agrícola e gandeiro de Curtis e das necesidades da poboación deste País.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que a Consellería de Medio Rural diante deste grave perigo para a SAU de Galicia, tome as medidas oportunas para que a figura de Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria non poida ser eliminada en detrimento da superficie agraria, xa actualmente exigua.”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/05/2018 17:05  
Nº Rexistro: 31081  
Data envío: 16/05/2018 17:05:51.475

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2018 17:03:57**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2018 17:04:01**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2018 17:04:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2018 17:04:04**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2018 17:04:05**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2018 17:04:07**

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 33175(10/PNC-002714)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre o sometemento polo Goberno galego á consideración e aprobación polo Parlamento de Galicia do novo Plan forestal galego

*Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **David Rodríguez Estévez, Francisco Casal Vidal, e Antón Sánchez García** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª**, relativa á aprobación do novo Plan Forestal de Galicia no Parlamento de Galicia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Asociacións do sector forestal, sindicatos agrarios, comunidades de montes, organizacións políticas, asociacións ecoloxistas, etc... puxéronse en contacto coa Xunta de Galicia para instala a que a revisión do Plan Forestal de Galicia se fixese de maneira colaborativa, para ser tal de xerar os maiores valores para a sociedade galega.

Unha revisión do Plan que fora capaz de aproveitar as oportunidades dos próximos anos e responder eficazmente aos retos e problemas que presenta.

Porén a Xunta de Galicia non incluíu ningunha das aportacións recibidas e acaba de publicar un Plan Forestal de maneira unilateral.

Isto está a producir un profundo rechazo en todos os sectores afectados, tanto empresarial como socialmente.

Con data do 5 de xullo de 2018, publicouse no DOG a Orde do 28 de xuño de 2018 pola que se aprobou inicialmente a primeira revisión do Plan forestal de Galicia e se abre o trámite de información pública. Nesta dispuña:





- Primeiro. Aprobar inicialmente a primeira revisión do Plan forestal de Galicia, incluíndo o seu estudo ambiental estratéxico.

- Segundo. Publicar esta orde no Diario Oficial de Galicia, no BOE, así como nun xornal de maior circulación na Comunidade Autónoma.

- Terceiro. Someter a información pública a primeira revisión do Plan forestal de Galicia aprobado inicialmente con todos os documentos que o integran, incluído o estudo ambiental estratéxico, durante o prazo de 3 meses contados a partir da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Durante o citado prazo, a documentación da primeira revisión do Plan forestal de Galicia poderá ser examinada na Dirección Xeral de Ordenación Forestal. Así mesmo, tamén poderá ser consultada no enderezo electrónico [http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/ordenacion/plan\\_forestal\\_de\\_galicia/](http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/ordenacion/plan_forestal_de_galicia/)

- Cuarto. Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Nas recomendacións á Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal para a redacción de dito plan feito por sindicatos agrarios, CCMMVVMC, Asoc. Ecoloxistas, Asoc. do Sector Forestal ou organizacións políticas, entre outros, pedíase someter o Plan Forestal de Galicia a consideración e aprobación do Parlamento de Galicia a fin de dotalo da lexitimidade necesaria para asegurar a súa permanencia no tempo, máis esta aportación non foi recollida.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/07/2018 09:30  
Nº Rexistro: 33175  
Data envío: 05/07/2018 18:59:07.917



O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a someter o Plan Forestal de Galicia á consideración e aprobación do Parlamento de Galicia, segundo o recollido no artigo 142 do Regulamento do Parlamento de Galicia a fin de dotalo da lexitimidade necesaria para asegurar a súa permanencia no tempo.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez  
Francisco Casal Vidal  
Antón Sánchez García  
Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 05/07/2018 18:58:24**

**Francisco Casal Vidal na data 05/07/2018 18:58:33**

**Antón Sánchez García na data 05/07/2018 18:58:41**

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 36137(10/PNC-002898)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre a apertura por parte da Xunta de Galicia de novas zonas de concentración parcelaria de interese agrogandeiro e forestal para rendibilizar as actuais explotacións

*Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/09/2018 17:16  
Nº Rexistro: 36137  
Data envío: 06/09/2018 17:16:50.515

### **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputada, **José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

### **Exposición de motivos**

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 contén unha análise DAFO que identifica 21 deficiencias que afectan a noso país. Destas 21 deficiencias, hai dúas que están especialmente relacionadas coa estrutura territorial das nosas explotacións: Deficiencia 09: Debilidade estrutural de la agricultura e D 12: Atomización de la producción:

Galicia suma un total de 647.600 ha. de superficie agraria útil. O 98 % das 81.170 explotacións contan con superficie, aínda que a escasa dimensión da SAU e o elevado número de parcelas e unha constante defintoria da estrutura agraria das explotacións galegas. A media por explotación é de 8,2 ha., valor moi inferior a media de España (24,0) ou a da UE27(14,3). Por outra banda, mais do 63% teñen unha SAU inferior a 5 ha. e apenas o 10 % supera as 20 ha. .O elevado número de explotacións e a súa escasa dimensión dificulta o acceso a economías de escala e reduce a capacidade de negociación na comercialización.

A vista dos datos resulta claro que temos un problema estrutural de moita magnitude asociado a escasa dimensión da base territorial das nosas explotacións. A loita contra as deficiencias estruturais do noso agro, coma as que afectan a escasa base territorial

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/09/2018 17:16  
Nº Rexistro: 36137  
Data envío: 06/09/2018 17:16:50.515

das nosas explotacións, ten que ser un dos obxectivos fundamentais do Goberno galego. Para elo, faise necesario por en marcha mecanismos de reestruturación e mobilización das terras produtivas.

Neste senso, debemos impulsar os mecanismos recollidos na Lei de mobilidade de terras e a Lei de mellora da estrutura agraria de Galicia (METAGA), aprobadas nas últimas lexislaturas. Dentro deses mecanismos ten unha importancia fundamental a reestruturación parcelaria como instrumento destinado a mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias galegas, atendendo a criterios de ordenación axeitada e sustentable dos mesmos e dos seus cultivos, perseguindo a súa utilidade económica e social, co fin de fixar poboación no rural.

Neste eido, xa hai un compromiso firme do goberno de pechar nesta lexislatura todos os procesos de concentración parcelaria abertos en 132 zonas, que afectan a 117.133 hectáreas e 91.554 propietarios. 80 millóns de euros no conxunto da lexislatura.

Ademais do desenvolvemento deste compromiso e dada a importancia que a reestruturación parcelaria ten para o obxectivo de mellorar a estrutura territorial das nosas explotacións, o Grupo Parlamentario Popular considera necesario que se continúe a potenciar este instrumento, procedendo a apertura de novas zonas de reestruturación parcelaria naquelas partes do noso territorio no que haxa explotacións agro gandeiras e forestais que requiran de maior base territorial para garantir a súa rendibilidade.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/09/2018 17:16  
Nº Rexistro: 36137  
Data envío: 06/09/2018 17:16:50.515**

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a proceder á apertura de novas zonas de concentración parcelaria de interese agro-gandeiro e forestal para rendibilizar as explotacións actuais”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 06/09/2018 17:13:45**

**José González Vázquez na data 06/09/2018 17:13:53**

**Raquel Arias Rodríguez na data 06/09/2018 17:14:01**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 06/09/2018 17:14:09**

**Moisés Blanco Paradelo na data 06/09/2018 17:14:15**

**Carlos Gómez Salgado na data 06/09/2018 17:14:22**

**Daniel Vega Pérez na data 06/09/2018 17:14:29**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 06/09/2018 17:14:37**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.10.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5 36324(10/PNC-002912)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos continuos danos económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria que está a causar o xabaril, en especial nas explotacións e cultivos do medio rural

*Publicación da iniciativa, 358, 19.09.2018*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Os continuos estragos producidos polo xabarl que está ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

Danos económicos producidos nos cultivos e prados impedindo a sega e o ensilado, no millo, nas hortas e noutras producións e cultivos, coma a vide ou a castaña.

Danos medioambientais, ao inducir o abandono da actividade, o que provoca a colonización de terras agrarias por mato e leña, que supoñen un risco para os lumes, especialmente cando se abandonan as agras nos contornos das casas, onde deixan de facer as funcións dun eficaz cortalumes.

E tamén competencia desigual con outras especies das que son predadores directos, especialmente nos contornos dos Espazos Naturais Protexidos, poñéndoas en risco de desaparición (aves, réptiles, anfibios, coellos e micro mamíferos). E mesmo riscos zoonosanitarios polo contaxio ás especies domésticas, de zoonosis das que son reservorios, como a tuberculose, peste porcina, etc.

A maiores prodúcense danos en bens públicos de axardinamentos e zonas deportivas e incluso problemas de seguridade de viaria con dous atropelos ao día de media en Galicia, ao atravesaren estradas e camiños rurais, risco non cuberto pola prima básica do seguro de circulación, o que provoca o incremento das primas de seguros das persoas que se queiran asegurar ante este risco.



## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Estes ataques do xabaryl teñen como consecuencia un enorme incremento dos custes nas explotacións agrícolas e gandeiras profesionais que quedan, tanto no referido aos de alimentación como ás necesidades de cercas, tanto convencionais como eléctricas, provocando o abandono dos cultivos tradicionais, profesionais e a tempo parcial por falta de rendemento e desesperación das persoas titulares das explotacións.

Ante estes acontecementos, as persoas damnificadas estanse dirixindo os concellos, como administracións máis próximas, expresando as súas inxedanzas por mor destes ataques que poñen en perigo a súa sustentabilidade económica.

Certamente a situación de hoxe en día, ten como antecedentes o excesivo incremento da poboación dos xabarís, un mamífero con gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, todo iso facilitado polo abandono das terras e do medio rural, así como pola escasa incidencia do único depredador natural que ten, que é o lobo.

Esta realidade, non foi acompañada de medidas proporcionais e eficaces de control que permitan unha convivencia equilibrada e sostible desta especie animal con outras especies e coas actividades económicas, sociais e medioambientais do noso contorno.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Realizar antes de que remate este ano, un censo da poboación do xabaryl e a súa distribución nas comarcas de Galicia.

2º) Redactar e poñer en marcha no primeiro trimestre de 2019 un plan de xestión do xabaryl, para estabilizar a súa poboación, e limitar os seus danos na agricultura, a gandaría, a circulación viaria e o equilibrio medioambiental, de xeito consensuado cos sectores afectados.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/09/2018 11:18  
Nº Rexistro: 36324  
Data envío: 11/09/2018 11:18:17.080



---

**Grupo Parlamentario**

3º) Proceder a reformar a Lei de caza de Galicia, de xeito que se regule a colaboración entre cazadores e produtores agrarios para protexer os cultivos, obrigando á incorporación de plans de prevención de danos aos TECOR dentro do seu Plan de ordenación cinexética, de forma que se teñan en conta os calendarios de cultivos e épocas sensibles aos danos para cada un deles e a nivel de parroquia.

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4º) Poñer en marcha o Fondo de corresponsabilidade, para pago de danos e medidas preventivas, que figura na Lei de caza de Galicia, así como abrir unha liña de axudas económicas, para facer fronte aos danos que ocasiona nas explotacións e nos cultivos.

Pazo do Parlamento, 10 de setembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/09/2018 11:07:26**

**Raúl Fernández Fernández na data 11/09/2018 11:07:36**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/09/2018 11:07:46**

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 19.10.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.6 36370(10/PNC-002919)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas destinadas á implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo e do xabaril, así como a adaptación do actual marco lexislativo en materia de convivencia coa fauna salvaxe á situación real do territorio, en especial no referido á problemática do lobo

*Publicación da iniciativa, 358, 19.09.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **David Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª**, relativa á resolución de axuda para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo.

### Exposición de motivos

No último ano, a situación do lobo en Galicia estase tornando insostible. Por unha banda os propios datos da Consellería de Medio Ambiente confirman un ascenso brutal dos danos á gandería. Do 2015 ao 2017 duplicáronse o número de animais mortos polo lobo. Este aumento non se ten traducido en medidas por parte da Xunta de Galicia.

Neste contexto hai que volver ao Plan de Xestión do Lobo que é a ferramenta que dispoñemos para traballar e o marco legislativo no que nos movemos. De todas as medidas que alí se describen na actualidade estanse a realizar unicamente os pagos por danos tendo en conta o anuncio da propia Consellería de non convocar as axudas para a prevención de danos no 2018 e a falta de divulgación e investigación.

A falta de planificación e compromiso da Consellería fai que os principais investimentos en prevención queden esquecidos.



O Plan de Xestión establece toda unha serie de medidas de acompañamento, asesoramento, divulgación e investigación tanto do lobo como especie como das medidas que se deben tomar para unha correcta convivencia.

No ano pasado, o 30 de novembro empezáronse a recibir as resolucións de axuda para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques de lobo e xabaril. Todas elas teñen un prazo de xustificación que remata o 11 de decembro.

A resolución deixaba, no mellor dos casos, 10 días naturais para facer os trámites necesarios (sempre e cando se recibira a carta certificada onte e non o luns que vén).

Na práctica, con dous fins de semana e dous festivos nacionais polo medio, os gandeiros/as dispoñían de 6 días para poder mercar, pagar, identificar, certificar os investimentos e xustificar a axuda, como por exemplo, un cachorro de mastín.

Esta situación non é unha novidade para a Xunta de Galicia, xa que o ano pasado aconteceu exactamente o mesmo. Distintos colectivos, asociacións gandeiras e sindicatos tiveron xuntanzas e presentaron propostas para mellorar a xestión das axudas, tanto na forma (os tempos) como no fondo (investimentos e criterios de priorización).

A tramitación dos expedientes foi levada unicamente polos servizos centrais de Santiago (as delegacións territoriais non puideron tramitar os expedientes).

Como é lóxico entre comprobacións e requirimentos de documentación a resolución non se puido realizar ata os últimos días de novembro.

Noutros, por problemas na comprobación dos datos internos da administración, consideráronse explotacións de autoconsumo a ganderías con máis de 100 vacas. Todo isto era xa un síntoma claro da mala xestión destas axudas nas que, por



fortuna, os funcionarios da consellería puxeron da súa parte e atenderon sempre todas as nosas consultas e nos facilitaron o traballo.

Esta mala planificación, así como no retraso no pago das indemnizacións por danos, está a causar unha gran desafección entre os/as gandeiros/as e cronifica un problema, o da convivencia coa fauna salvaxe, no que os primeiros damnificados son os habitantes do rural, así como a propia fauna.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Sacar unha nova liña de subvencións onde se recollan os seguintes puntos:

a. Publicar as axudas a comezo de ano e permitir a solicitude das mesmas durante varios meses para non condicionar a realización dos investimentos por parte do petionario (en especial para a adquisición de cans mastíns).

b. Engadir outros investimentos que agora non están contemplados e que son imprescindibles para a protección do gando como son os peches fixos con malla ovelleira e arames electrificados, así como a inclusión dos custes de mantemento dos mastíns.

c. Excluir dos investimentos asignados a cans de garda e protección, as razas de pastoreo ou “careo” como son o Careo Leonés ou o Can de Palleiro. Consideramos que estas son razas de pastoreo que serven para guiar o gando e non para protexelo.

2. Reunirse co sector agrogandeiro e cos grupos e entidades que promulgan a convivencia entre a actividade humana no rural e a fauna salvaxe para tratar de



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/09/2018 13:11  
Nº Rexistro: 36370  
Data envío: 12/09/2018 13:11:29.172



adaptar o marco legislativo actual en materia de convivencia coa fauna salvaxe á situación real do territorio, en especial sobre a problemática do lobo.

3. Aumentar o investimento neste 2018 da axuda para a prevención de danos ou para a divulgación, asesoramento e/ou investigación.

4. Solicitar á Consellería de Medio Ambiente que garanta a participación de distintas organizacións que están a defender dende un punto de vista conciliador a supervivencia dun sector cada día máis debilitado na anunciada orde de prevención do 2019 para poder aportar o seu coñecemento nesta materia.

Santiago de Compostela a 11 de setembro de 2018

Asdo.: David Rodríguez Estévez

Antón Sanchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 12/09/2018 13:10:03**

**Antón Sánchez García na data 12/09/2018 13:10:09**